

## Novidades sobre permisos e incapacidade temporal en 2019

*Modificacións da LEI 2/2015 DE EMPREGO PÚBLICO DE GALIZA introducidas pola LEI 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 28/12/2018).*

### Ampliación do permiso por parto, adopción ou acollemento até as 22 semanas

**PERMISO POR PARTO.** Modifícase o número 1 do artigo 121, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, que se distribuirán por elección da persoa titular do dereito, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto.»

### PERMISO POR ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO.

Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, do que se fará uso, por elección da persoa titular do dereito, en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso.»

### NON SE MODIFICA O PERMISO DE PATERNIDADE OU DA OUTRA PERSOA PROXENITORA

A Xunta negouse finalmente a aceptar a proposta da CIG de ampliar a duración do permiso de paternidade a **22 semanas** para equiparalo co de maternidade, facendo ambos permisos intransferíbeis.

Hai que ter en conta que este permiso está actualmente en **5 semanas (35 días)** e que na Administración Xeral do Estado vén de se subscribir



un acordo, asinado pola CIG e outras organizacións sindicais, para equiparar ambos permisos á duración que ten o permiso por parto (**16 semanas**).

Por outro lado hai unha serie de melloras no permiso de paternidade introducidas na lexislación básica estatal (EBEP) desde o mes de xullo de 2018 que a CIG-Ensino solicitou que se estenderan ao persoal ao servizo da Xunta e que a Administración galega se negou igualmente a incorporar nesta reforma dos permisos na Lei de Emprego Público de Galiza. Son, por exemplo:

**A posibilidade de non ter que desfrutar ininterrompidamente o permiso de paternidade, optando por:**

- **reservar a última semana**, que poderá desfrutarse de forma independente noutro momento dentro dos nove meses seguintes á data de nacemento do fillo ou filla

- **que o inicio do permiso teña lugar nunha data posterior á data do nacemento do fillo ou filla sempre que sexa antes da finalización do correspondente permiso por parto ou inmediatamente despois da finalización deste.**

**Descontos por enfermar. Ponse fin aos descontos mais limitando o pagamento ás retribucións do primeiro mes de baixa.**

**RETRIBUCIÓN DURANTE A INCAPACIDADE TEMPORAL. Modifícase o número 3 do artigo 146, que queda coa seguinte redacción:**

«As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei aboarán o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de gozo da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade **o 100 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.**»

Simultaneamente **derrógase o artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro**, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza, **norma pola que se implantou o desconto durante o tempo de baixa.**

**Non foi atendida a proposta da CIG de que se modificara a redacción e que se especificara que as retribucións durante todo o período de baixa serían as mesmas que corresponderían de se atopar de alta.** Deste xeito, rematan por fin os descontos nas baixas de 20 ou menos días de duración, algo que foi longamente demandado por todo o profesorado e que a CIG-Ensino incorporaba nas súas medidas urxentes para a recuperación de dereitos mais non se garante que se poidan cobrar trienios ou sexenios que se perfeccionen durante unha baixa médica.

Exemplo: unha persoa comeza unha baixa no mes de maio. Cobrará desde o primeiro día o 100% das retribucións que percibía nese mes de maio. Se no mes de setembro cumpre un trienio e un sexenio non cobraría esas contías até que rematase a baixa.

A CIG-Ensino, malia a negativa da Xunta a incorporar a nosa proposta no texto da Lei demandará da Consellaría de Educación que se faga unha interpretación garantista e se efectúe ese pago.



## OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasertería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal